



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
SR. ALCALDE – PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DOS ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS PARTICIPANTES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO FORME 2026 DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (EXPT:TR353A-2025/000010-5)

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os **obradoiros duais de emprego** da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR353A (DOG 25-11-2025), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos que serán contratados os alumnos/as-traballadores/as participantes no citado proxecto, promovido **polo Concello de VILAGARCIA DE AROUSA** e subvencionado pola Xunta de Galicia

As prazas de alumnos-traballadores que se convocan son:

10 PRAZAS DA ESPECIALIDAD PAVIMENTOS E ALBANELERÍA DE URBANIZACIÓN

Certificado de profesionalidade NIVEL 2 EOCB0211

10 PRAZAS DA ESPECIALIDADE INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE CARPINTERÍA

Certificado de profesionalidade NIVEL 2 MAMS0108





Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Respectar as normas de réxime interior.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.- RELACIÓN XURÍDICA DOS ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos-traballadores seleccionados serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación en alternancia.

2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (**O proxecto terá unha duración de 9 meses**).

Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

. REQUISITOS XERAIS:

1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

2. Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Respectar as normas de réxime interior.
- **Preferentes non haber participado con anterioridade noutro obradoiro ou programa de emprego**





b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Ter **18 ou máis anos de idade**.
2. Estar **desempregado**, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego **rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego**.
3. Cumprir os requisitos establecidos na **normativa reguladora do contrato para contrato para a formación en alternancia**, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación dos artigos previstos 2 e 5 da Orde.
4. Como a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de **nivel de cualificación 2**, as persoas candidatas deberán cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
5. Non posuir xa a formación a impartir no obradoiro de emprego, total o parcialmente (apto ou non apto)

c) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa
3. Falsear os datos do cuestionario.
4. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. A OFERTA DE EMPREGO que será elaborada polo Concello de Vilagarcía e asinada polo Alcalde Presidente ou en quen delegue, tramitarase a partir do vindeiro **28/04/2026**





a) **ÁMBITO XEOGRÁFICO: Concello de Vilagarcía de Arousa.** De non atoparse candidatos suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) **REQUISITOS ALUMNOS: os requisitos establecidos na base cuarta.**

c) Número de candidatos a remitir: **3 por posto**, cun nivel profesional de **PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª**.

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, e a achega **imprescindible** dos seguintes **documentos**:

- **Fotocopia do DNI actualizado.**
- **Vida laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral)**
- **Acreditación da maior Titulación académica adquirida.**
- **Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).**
- **Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).**
- **Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).**

As **SOLICITUDES** realizaranse no mes de maio de 2026, en dúas convocatorias do tribunal as 9h e as 11h no Auditorio Municipal, tendo que presentar nese momento **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

O Tribunal presentará tódalas solicitudes e documentación pertinente para a súa valoración conxunta polo mesmo.

A **lista de candidatos** que pasan a fase de entrevista, **EXPORASE** na **sede electrónica, páxina web e nos taboleiros do Concello de Vilagarcía e nos da Oficina de Emprego de Vilagarcía.**





Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 13 puntos.

Pasarán á fase de entrevista os candidatos, enviados pola oficina de emprego, que realicen a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

Se, unha vez comprobadas as solicitudes, quedan menos de dúas persoas por praza, o tribunal poderá solicitar máis candidatos ao Servizo Público de Emprego, para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

As puntuacións da fase de entrevista publicaranse na sede electrónica, páxina web e nos taboleiros do Concello de Vilagarcía e nos da Oficina de Emprego de Vilagarcía.

2. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo. ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 13 puntos.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do tribunal. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo.

Exporase a relación provisional destas puntuacións **na sede electrónica, páxina web e nos taboleiros do Concello de Vilagarcía e nos da Oficina de Emprego de Vilagarcía.**





Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración segundo o baremo e data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, o tribunal, na correspondente sesión, procederá á súa calificación final (titular da especialidade / suplente). Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

2. A relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, coa indicación das especialidades formativas ás que son adscritos será exposta **na sede electrónica, páxina web e nos taboleiros do Concello de Vilagarcía e nos da Oficina de Emprego de Vilagarcía.**

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, en cada unha das fases do proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

- 1- Teñan o menor nivel académico
2. Teñan a menor idade.
3. Teñan menor protección de desemprego.

Novena.- LISTA DE RESERVA.

1. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

2. No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederáse a iniciar un novo procedemento selectivo.

Decima.- COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL. O Tribunal Cualificador desta proba selectiva, estará integrado polos seguintes membros, empregados públicos do Concello de Vilagarcía:



Presidente/a: Sonia M^a Santos Castiñeira

Presidente/a suplente: Mar Caramés Moreira

Secretario/a: Lucía Caride Nimes

Secretario/a suplente: Mar Caramés Moreira

Vogais: Miguel Domínguez Campelo, Mar Caramés Moreira e Iria Camba Rey

O Tribunal poderá recabar, se o estimase procedente e convinte, o asesoramento dun ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente, Secretario e un tercio dos vocais.

O número máximo que se estima para a realización deste proceso selectivo é de 5 sesións e segundo o seguinte calendario:

- 18/05/26- CUMPRIMENTO DO CUESTIONARIO ESCRITO NO AUDITORIO POLOS DEMANDANTE ENVIADOS POLA OFICINA DE EMPREGO DAS DISTINTAS ESPECIALIDADES.
- 19/05/26- REALIZACIÓN DA PROBA DE ENTREVISTA DOS DEMANDANTES ENVIADOS POLA OFICINA DE EMPREGO DA ESPECIALIDADE DE ALBANELERÍA.
- 20/05/2026- REALIZAICÓN DA PROBA DE ENTREVISTA DOS DEMANDANTES ENVIADOS POLA OFICINA DE EMPREGO DA ESPECIALIDADE DE CARPINTERÍA.
- 21/05/26 – REUNIÓN TRIBUNAL PARA BAREMAR O CUESTIONARIO PRESENTADO POR ESCRITO DOS DEMANDANTES DAS DÚAS ESPECIALIDADES.
- 25/05/26 – REUNIÓN TRIBUNAL PARA RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO BAREMO.

Undécima.- . PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.

Os aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal deberán presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos no prazo que publicárase nos listados definitivos.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non





reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servicios na data que se lle indique pola Alcaldía.

Duodécima. INCIDENCIAS, IMPUGNACIÓN E SUPLETORIEDADE

A Comisión Seleccionadora queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

De conformidade co previsto polo artigo 14º da Orde de 7 de febreiro de 2024 (DOG do 7 de febreiro de 2024) da Consellería de Promoción Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas . A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimoterceira: CLAUSULA PROTECCION DE DATOS PERSOAIS

En cumprimento do disposto no “REGLAMENTO (UE) 2016/679 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (RXPDP)” e da Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1, a través da sede.vilagarcia.gal ou no email dpd@vilagarcia.gal

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación





dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica: sede.vilagarcia.gal . A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE PRESIDENTE
Alberto Varela Paz

A SECRETARIA XERAL
M^a Rosa Losada Suárez





**ANEXO I BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS
DUAIS DE EMPREGO**

CRITERIOS		PUNTOS
Discapacidade ≥ 33% (Sempre que poidan realizar os traballos)		0,5
Idade	De 18 ata 29 anos	3
	De 30 ata 44 anos	1
	De 45 ou máis	2
Tempo de desemprego desde o último traballo (Segundo vida laboral actualizada)	Menos de 12 meses	1
	Máis de 12 meses	1,5
	Máis de 18 meses	2
Nivel de Formación Académica	Baixa (que non posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3. Ata graduado en ESO.	2
	Media (que posúan un carne profesional, Certificado de profesionalidade de nivel 2, 3, FP ciclo medio ou Superior ou Bacharelato)	1
	Alta (Titulación universitaria)	0,5
Protección de desemprego	Perceptores de desemprego	0,5
	Perceptores de subsidios ou axudas (RISGA,RAI, PREPARA, ACTIVA, IMV)	0,75
	Non perceptores	1
IPI	Ter prevista a realización deste tipo de medida no seu Itinerario de Inserción Profesional (Certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida)	1
NON TEN PARTICIPADO NUN OE	Non ter participado nun obradorio de emprego	3,5





Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Promoción Económica
ÁREA DE EMPREGO

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 211 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
emprego@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

◆ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente

